

BOLETÍN

UVIGO/HUMANA



# O BOLETÍN

# UVIGO/HUMANA

## BENVIDOS/AS

Con este novo boletín queremos dar a coñecer á comunidade universitaria as actividades de acción solidaria, voluntaria e de cooperación no marco da Axenda 2030 organizadas pola Universidade de Vigo, así como aquelas impulsadas por outras administracións, entidades sociais e ONGD da nosa contorna.

Se es membro da comunidade universitaria ou pertences a unha ONGD ou entidade social e queres dar a coñecer entre a comunidade universitaria a túa iniciativa de acción solidaria, contáctanos en:

Área de Equidade e Diversidade.

[+ Info \[dir.ec.equidade@uvigo.gal\]\(mailto:dir.ec.equidade@uvigo.gal\)](mailto:dir.ec.equidade@uvigo.gal)

## A UNIVERSIDADE E A AXENDA 2030 DAS NACIÓNS UNIDAS

A Universidade, na súa calidade de axente de cambio social e desenvolvemento, está adherida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas. Entre outras cousas, isto significa que ten a responsabilidade de poñer en contacto á comunidade universitaria con diversas entidades sociais baixo os principios e obxectivos recollidos na Axenda 2030. En consecuencia, a política de responsabilidade social da Universidade debe estar orientada cara a consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), coa fin de xerar condicións que contribúan a acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible. [+Info](#)

# AXENDA

# XUÑO

## Mes do Orgullo LGTBIQ+

L	M	MÉ	X	V	S	D
1	2	3	1	2	3	4 Día Mundial dos Nenos Vítimas Inocentes de Agresión
5 Día Mundial do Medio Ambiente	6	7	8 Inauguración exposición: Unha mirada LGTBI+ ao mundo animal, (Edificio Redeiras)	9	10	11
12 Día Mundial contra o Tráballo Infantil	13	14 Día Mundial do Doante de Sangue	15	16	17	18
19	20 Día Mundial dos Refuxiados	21	22	23	24	25
26 Día Internacional de Apoio das Vítimas da Tortura	27	28 Día Internacional do Orgullo LGTBIQ+	29	30		

## CHAVES DESTE NÚMERO

### III Edición concurso de vídeos

"Móvete polos ODS". A Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), convoca o III Concurso de vídeos "Móvete polos ODS", co obxectivo de dar a coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento sostible (ODS) de Nacións Unidas e sensibilizar á comunidade universitaria, e á sociedade en xeral, sobre a importancia de que todas as persoas formemos

parte da solución aos grandes retos mundiais sobre a desigualdade, o cambio climático, a perda da biodiversidade, etc...

O dito Concurso está aberto a vídeos de 1 min de duración en formato mp4, coa temática de como se pode contribuír á consecución dalgunha das 169 metas nas que se materializan estes obxectivos. O prazo para presentar solicitudes comeza o venres 1 de xuño do 2023. [+Info](#)

### A SEMANA GALEGA DA COOPERACIÓN UNIVERSITARIA AO DESENVOLVEMENTO

A [Rede Galega de Cooperación Universitaria](#), integrada pola Universidade da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo organizou ente o 9 e o 11 de maio. "A [Semana Galega da Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento](#)". As xornadas tiveron lugar nas tres universidades galegas implicadas: na Universidade de Vigo, na Universidade de Santiago de Compostela e na Universidade da Coruña.

O encontro reuniu aos principais actores da cooperación no ámbito universitario, co propósito de fortalecer e visualizar o papel das institucións públicas como axentes de cooperación así como xerar sinerxías e reflexionar conxuntamente sobre a Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento e as súas contribucións a Axenda 2030.



Foron tres días dedicados a reforzar o papel das universidades públicas galegas como axentes de cooperación. O relatorio inaugural das xornadas correu a cargo de Rosa M<sup>a</sup> Martínez Espinosa, Vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación para o Desenvolvemento da Universidade de Alacant e coordinadora do Grupo de Traballo de internacionalización e cooperación da CRUE que falou sobre a nova lei de cooperación universitaria. O mércores continuaron as xornadas na Universidade de Santiago, centradas no papel da Universidade como xeradora de conciencia. A mañá da última xornada na Universidade da Coruña titulada "As persoas" estivo enfocada a reflexionar e adoptar estratexias universitarias conxuntas no eido do refuxio e protección internacional, mentres que pola tarde o segundo bloque dedicouse á reflexión sobre os retos para unha nova cooperación universitaria feminista, sostible, interseccional e decolonial.



## ACTIVIDADES POLO MES DO ORGULLO LGTBIQA+

### Asociación Nós Mesmas (Vigo)

Nós Mesmas preséntanos a programación do Orgullo Crítico LGTBI+ que terá lugar en Vigo. Unha axenda repleta de actos culturais, reivindicativos e de lecer! Esta programación recolle as accións organizadas tanto por Nós Mesmas como por Avante LGBT Vigo e as organizadas por A Panadaría, ademais de contar con outras entidades colaboradoras como o Comité LGTBIQA+ de Provivenda, Facendo Camiño.

Descarga o programa aquí:

[Orgullo Crítico LGTBI+ Vigo 2023 ~ Asociación Nós Mesmas \(asonosmesmas.blogspot.com\)](https://asonosmesmas.blogspot.com)

**EXPOSICIÓN. Unha mirada LGTBI+ ao mundo animal.** A exposición terá lugar dende o día 8 ata o 30 de xuño no terceiro andar do Edificio Redeiras. A inauguración é o 8 de xuño ás 19:30h. Propón unha reflexión, desde unha perspectiva LGTBI+, sobre a diversidade sexual no mundo animal, afastándose dos estereotipos e preceptos sociais impostos polo ser humano.

A través de diversos paneis, plantéxanse temas como: Cantos sexos hai? Que é a intersexualidade? É necesario máis dun individuo para reproducirse? Que é a orientación sexual? Como mostran os animais interese cara a outros? Como se aparean os animais? As relacións sexuais sempre se centran na reprodución? Que é unha familia? Que é o xénero?



Unha Mirada LGTBI+ ao Mundo Animal é unha exposición producida polo Museu de Ciències Naturals de Barcelona (MCNB) comisariada pola asociación Nós Mesmas, e conta coa colaboración da UVIGO. [+Info](#)

### Asociación Raiceiras (A Guarda):

O día **8 de Xuño** a equipa de asociación visitará a Asociación San Xerome Emiliani para falar de diversidade rural. Proxectarase a curtametraxe "Armarios Rurais", unha produción propia de Raiceiras, para máis tarde levar a cabo unha valoración colectiva dos temas que se tratan na mesma; sexilio, discriminación nas vilas, familias diversas e o seu proceso no rural, etc. A actividade é aberta a todo o público interesado e levarase a cabo no Espazo polivalente da Asociación San Xerome Emiliani das 10:15h ás 11.30h da mañá.



O día **9 de Xuño** ás **20:00h** desfrutaremos da proxección en pantalla grande desta mesma curtametraxe "Armarios rurais" no Centro Sociocultural da Guarda. Posteriormente levarase a cabo un coloquio no que contaremos coa participación de Mercedes Miguez e Uxío Pousa, protagonistas do audiovisual e que poderán ampliar información e responder preguntas do público. Falarase da diversidade dende unha perspectiva comunitaria e familiar.

O día **17 de Xuño** levarase a cabo un Libro-forum da novela gráfica "Género Queer" no espazo facilitado pola Librería Atlántica (A Guarda). É recomendable

asistir coa lectura feita, existen exemplares dispoñibles para a súa adquisición nesta mesma librería. A equipa de Raiceiras ademais fará unha pequena presentación sobre o significado do sexo e o xénero, tanto na actualidade como cunha perspectiva histórica. Rematarase cun obradoiro de chapas nas que faremos unha homenaxe a distintas referentes queer.

O día **28 de Xuño**, Raiceiras sacará un posto á rúa no que dará a coñecer a súa labor durante todo o ano con respecto a súa área de diversidade. Haberá actividades de animación, información de utilidade, reivindicación e sorpresas para todas.



## CURSOS E XORNADAS

IV Encontro da Comunidade de Accións e Saberes Arredor do Rural. O Grupo de Investigación Escolca, organiza o 'IV Encontro de Axentes Socioeducativos. Formación mutua para vincular accións, saberes e territorio', unha actividade que pretende fomentar o encontro entre entidades rurais, estudantado e profesorado con interese na posta en práctica da metodoloxía Aprendizaxe-Servizo vencellada ao medio rural. O encontro, no que tamén participa a Universidade de Vigo, desenvolverase o 1 de xuño de 2023 no Centro Sociocultural de Bugallido-Ames. [+Info](#)



ENFRONTAR A DESIGUALDADE DENDE UNHA MIRADA GLOBAL: O VALOR DO DESENVOLVEMENTO INCLUSIVO NA AXENDA 2030. Mans Unidas organiza o curso de verán “Enfrontar a desigualdade dende unha mirada global: o valor do desenvolvemento inclusivo na axenda 2030”. As xornadas celebraranse os próximos 13, 14 e 15 de xuño.

[+Info](#)



## IV Escola de Voluntariado de Manos Unidas

Manos Unidas organiza a IV Escola de Voluntariado do 10 ao 13 de agosto en A Coruña



A actividade desenvolverase como un campamento de voluntariado para a sustentabilidade, nas instalacións da Asociación Raiña Paraiso en Vilasantar (A Coruña).

A Escola de voluntariado de Manos Unidas Galicia é unha proposta formativa e vivencial dirixida a mozas e mozos galegos de entre 18 e 35 anos, que pretende dotarlles de ferramentas e capacidades para o traballo en favor da Axenda 2030, mellorando a comprensión dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e do papel fundamental que a cidadanía, a través do voluntariado, ten para lograr superar as inxustizas e desigualdades existentes na actualidade.

O proceso de inscrición finaliza o 25 de xullo. As prazas confirmaranse a través do enderezo electrónico, previo pago por transferencia bancaria da inscrición (consultar na web). Para mais información podes escribirlles á dirección [educacion.galicia@manosunidas.org](mailto:educacion.galicia@manosunidas.org) ou entrar en [+Info](#)

## PREMIOS E CONCURSOS

---

**IX Edición do Premio de Dereitos Humanos Rei de España.** A Universidade de Alcalá e o Defensor do Pobo convocan a IX edición do Premio de Dereitos Humanos Rei de España. Convócase agora a IX edición deste premio coa difusión das súas bases e o inicio da fase de presentación de candidaturas, que comezará o próximo día 27 de marzo e finalizará o 31 de xullo do presente ano. [+Info](#)

## XIII Concurso de fotografía "Imaxes da Cooperación Internacional" 2023.

A Cátedra de Cooperación para o Desenvolvemento (CATCODES) da Universidade de Zaragoza, socia de REEDES, convoca o XIII Concurso de Fotografía 2023 Imaxes da Cooperación Internacional. A recepción das obras estará habilitada ata o 2 de xuño. [+Info](#)



## CONVOCATORIAS

**Axudas para Proxectos de Acción Humanitaria no exterior.** O Diario Oficial de Galicia publica hoxe a orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións anuais para proxectos de acción humanitaria no exterior cunha dotación de 550.000 euros. Esta convocatoria enmárcase no Plan anual 2023 da Cooperación Galega. O prazo de solicitude remata o 10 de maio. [+Info](#)

## Convocatoria AECID 2023 Accións de Cooperación no ámbito da Innovación.

Convocatoria publicada o 31 de maio de 2023. A dita convocatoria ten como obxecto a co-financiación de iniciativas presentadas por alianzas entre actores do sector privado empresarial, entidades do ámbito académico e da investigación, e ONGDs para realizar:

- Accións de cooperación ao desenvolvemento no ámbito da innovación, que aborden desafíos sociais, económicos, medioambientais e de desenvolvemento da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible. As accións dun máximo de 24 meses de duración deberán impulsar solucións innovadoras, xa desenvolvidas e testadas exitosamente a nivel piloto, coa fin de aplicalas e demostrar a posibilidade de replicalas a maior escala para lograr un desenvolvemento sostible e inclusivo. A subvención mínima por acción non poderá ser inferior a 400.000 euros, nin superior a 800.000 euros. As agrupacións deberán estar integradas por dous entidades de tipoloxía distinta.

- Actividades de coñecemento no ámbito da innovación, dun máximo de 18 meses de duración, que comprenderán investigacións e estudos aplicados acompañados de formacións e/ou seminarios, que contén cun compoñente innovador, e referidos ás áreas temáticas incluídas na convocatoria. A subvención mínima para financiar as actividades de coñecemento non poderá ser inferior a 100.000 euros nin superior a 500.000 euros.

Nesta convocatoria, pódense presentar para as accións de cooperación un máximo de 2 proxectos por entidade, como líder ou integrante dunha agrupación, e un proxecto no caso das actividades de coñecemento.

Tendo en conta que o prazo de peche de presentación de solicitudes fixado pola AECID é o 28 de xuño de 2023 as 23:55h e de cara a realizar unha selección preliminar na UVigo, o PDI interesado nesta convocatoria deberá manifestar de forma expresa o seu interese en concorrer a mencionada convocatoria antes do día 12 de xuño de 2023, enviando ao correo electrónico da Oficina de Proxectos Internacionais-Área de Proxectos Internacionais de Educación: [opi.edu1@uvigo.es](mailto:opi.edu1@uvigo.es) a seguinte información:

Acción pola que opta: 1) accións de cooperación no ámbito da innovación ou 2) actividades de coñecemento.

Nome da persoa que coordinará o proxecto na UVigo, CV abreviado, título do proxecto e resumo do proxecto empregando o formulario específico da convocatoria (Formulario solicitud acciones innovación ou Formulario solicitud actividades de conocimiento).As bases, instrucións técnicas, preguntas frecuentes, formularios da convocatoria, manual de usuario de solicitude , así como información específica poden consultarse no seguinte enlace da AECID: <https://www.aecid.gob.es/es/Paginas/DetalleProcedimiento.aspx?idp=495>

## COÑECE ÁS ENTIDADES SOCIAIS DA NOSA CONTORNA

---

**Abertal** é unha asociación que nace en xaneiro de 1979 do corazón inqueda dos salesianos e os mozos vencellados á presenza salesiana de Vigo e que ten por finalidade xeral a de contribuír no tempo libre á educación e promoción integral da infancia e a mocidade.

Os seus proxectos e actividades tentan desenvolver propostas centradas nas nenas, nenos, mozas e mozos, favorecendo o seu crecemento integral e dando importancia ao ambiente, aos grupos e á relación persoal.

Pertencen á Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galiza, da que Abertal é socia fundadora xunto cos distintos centros xuvenís salesianos do país. Ademais, traballan no eido da prevención, da educación do tempo libre, da animación xuvenil, na promoción da lingua e cultura galegas e do desenvolvemento sociocultural.

Na historia recente de Abertal, destaca que no pasado ano 2002, o Concello de Vigo deulle a mención de Viguesa Distinguida, en recoñecemento á tarefa que a asociación vén desenvolvendo desde os seus inicios coa mocidade viguesa. [+Info](#)



## PUBLICACIÓN DE ARTIGOS

---

- **ISEE e UM.** A International Society for Ecological Economics (ISEE) e A Universidade do Magdalena (UM, Colombia) invitan ao envío de resumos (en inglés ou español) para a 17th Bienal Conference of ISEE, co título "Economies for life: Alliances for practicing ecological economics in a world in transition" (Santa Marta, 23-28 de outubro de 2023). Envío de resumos ata o 2 de maio.

[Máis información](#)

- **JPS e OTROS.** O Journal of Peasant Studies (JPS), xunto co College of Humanities and Development Studies at China Agricultural University (COHD-CAU), o Collective of Agrarian Scholar-Activists from the South (CASAS) e o Transnational Institute (TNI) chaman a propostas para a conferencia internacional en Beijing (China), en outubro, cuxa análise crítica versará sobre cuestións agrarias no século XXI.

Envío de resumos ata o 5 de maio. [Máis información](#)

- **A Revista Diecisiete** fai unha chamada ao envío de artigos, notas e colaboracións para un monográfico sobre Obxectivo de Desenvolvemento Sostible 2: Poñer fin á fame. Recepción de propostas ata o 20 de xuño. [Máis información](#)

## RECURSOS EN LIÑA

---

Publicacións en liña en materia de cooperación e desenvolvemento en Galicia (Coordinadora Galega de ONGD) [+Info](#)

Oferta de Posgraos en Estudos Do Desenvolvemento. [+Info](#)

Catálogo de publicacións de Cooperación Española [+Info](#)

Outros catálogos en materia de cooperación e desenvolvemento (Cooperación Española) [+Info](#)

Publicacións da asociación Provivenda [+Info](#)

Publicacións de Enxeñería Sen Fronteiras [+Info](#)